



# Obradoiro de creación de vídeos básicos para a normalización lingüística

Durante o mes de **novembro** de 2013, con dúas sesións presenciais (**12 e 21 de novembro**, en Santiago de Compostela) e varias en liña

[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

## E isto, por que?

Cres que unha imaxe vale máis ca mil palabras? Pois nós non!, mais a imaxe é tamén moi importante para transmitir e **a comunicación audiovisual é fundamental para a normalización da lingua**, para transmitir mensaxes a prol do galego, para difundir accións e actividades de cara ao incremento do uso e prestixio do noso idioma.

E, de maneira moi sinxela, desde os servizos de normalización lingüística, desde equipos de normalización ou desde asociacións, pódense facer vídeos básicos con esa finalidade, pensados sobre todo para difundir a través da rede, e sen máis necesidades ca unha pequena cámara ou incluso un teléfono móbil.

Por este motivo, para aproveitar este potencial e **para podermos crear vídeos básicos con moi poucos medios** para campañas, anunciar actividades, difundir mensaxes a prol do galego, etc., desde a CTNL organizamos este obradoiro.

## Con que obxectivos se fai?

- ✓ Aprender a **crear e difundir vídeos** básicos para campañas, anunciar actividades, difundir mensaxes a prol do galego, etc.
- ✓ Ser quen de **seleccionar a mensaxe** segundo a finalidade, destinatarios/as, medios, etc., e planificar a preparación e o lanzamento desa mensaxe a través de vídeo.
- ✓ Aprender **técnicas de gravado** de vídeo con aparellos básicos (cámara de fotos, cámara de vídeo, teléfono móbil, etc.).
- ✓ Aprender a manexar a **edición de vídeo** dixital con algún programa básico.

## Como vai ser? Como imos traballar?

O obradoiro será moi práctico e combinará **dúas sesións presenciais e catro sesións en liña** con titorización. Cada alumno/a deberá desenvolver no curso un **proxecto propio**, no que, cos coñecementos que se vaian traballando, deberá planificar, gravar, editar e publicar un vídeo breve.

As dúas sesións presenciais terán lugar en Santiago de Compostela, e as sesións en liña desenvolveranse a través dunha plataforma de aprendizaxe nos días e horas programados, que será cando o profesorado estará dispoñíbel. Se algún participante non pode estar nese momento nunha das sesións, podería acceder co seu contrasinal en calquera outro momento e ler as conversas que houbo durante a sesión, descargar os materiais, etc.

## Quen nos vai guiar no traballo?

**Roi Guitián e María Lobo**, de **Vacalume** (<http://vacalumegalego.wordpress.com>).

Roi é realizador, director e guionista de múltiples proxectos audiovisuais, e María é xornalista, editora e realizadora de televisión. Tanto ela como el son formadores/as audiovisuais.



Organiza

Colaboran

## Calendario

Día	Hora
<b>Prazo</b> de solicitude de participación	Desde o 23/10/2013 até o 29/10/2013, a través do formulario habilitado no web
Publicación da <b>listaxe</b> de persoas admitidas	30/10/2013 ao longo da mañá
Prazo para facer o ingreso de <b>matrícula</b>	6/11/2013
<b>1.ª Sesión (en liña)</b> Sesión introdutoria	Xoves 7 de novembro. De 17.00 h a 18.30 h
<b>2.ª Sesión (presencial)</b> Planificación da mensaxe e gravación de audio e vídeo	Martes 12 de novembro. Santiago de Compostela. De 17.00 h a 21.00 h
<b>3.ª Sesión (en liña)</b> Acompañamento ao proxecto audiovisual	Xoves 14 de novembro. De 17.00 h a 19.00 h
<b>4.ª Sesión (presencial)</b> Edición e como compartir vídeos na rede	Xoves 21 de novembro. Santiago de Compostela. De 17.00 h a 21.00 h
<b>5.ª Sesión (en liña)</b> Difusión e redes sociais, recursos en Internet para a edición e dereitos de autoría	Martes 26 de novembro. De 17.00 h a 19.30 h
<b>Avaliación (en liña)</b> Avaliación e comentario dos proxectos realizados	Para acordar

## Cando dura?

- ✓ **16 horas** (8 presenciais, repartidas en 2 sesións de 4 horas, e 8 en liña, en varias sesións).

## A quen vai dirixido?

- ✓ Traballadores/as de normalización lingüística de administracións, empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización.
- ✓ Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino.
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua desde asociacións, colectivos, etc.

Para o bo funcionamento do obradoiro, poderán participar un máximo de **15 persoas**.

Organiza

Colaboran

## Que necesito para participar?

Ademais de ganas e interese, para a participación no obradoiro debes contar cun ordenador portátil e con algún aparello básico de gravación de vídeo (teléfono móbil, cámara de fotos con vídeo, cámara de vídeo, etc.).



## Canto custa?

- ✓ Para socias/os da CTNL: 25 euros
- ✓ Para estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os: 40 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 75 euros

## E como fago para me inscribir?

A través do formulario habilitado para o efecto no web [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org) do 23/10/2013 até o 29/10/2013.

Dado que o número de prazas está limitado a 15, terán preferencia os/as socios/as da CTNL e, despois, respectarase a orde de inscrición.

Non se pode pagar a matrícula até que non se publique a listaxe de admisión. As persoas admitidas deben ingresar o importe da matrícula até o 6/11/13 na conta da CTNL en NovaGaliciaBanco número 2080-0377-04-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Obradoiro vídeos".



Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no obradoiro, **debe comunicalo** por teléfono ou correo-e o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

## Que, animaste?

**+info**

Entra en [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

Escrebe a [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)

Chama ao 629 571 950